

José Miguel Martín Peña, en calidade de portavoz do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Vigo formula á Xunta de Portavoces a seguinte proposta de Declaración Institucional para a súa aprobación no pleno extraordinario do vindeiro 12 de xuño, ao abeiro do artigo 54.2 do Regulamento Orgánico do Pleno


## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á CREACIÓN DUN NOVO XULGADO DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER EN VIGO SEN SUPRIMIR NINGUNHA OUTRA SALA EXISTENTE NA CIDADE

O Goberno de España anunciou recentemente a creación dun novo Xulgado de Violencia sobre a Muller en Vigo, medida que sería positiva no obxectivo de mellorar a resposta institucional ante a violencia machista.

Porén, esta decisión realízase a costa de suprimir o actual Xulgado de Instrución número 8, o que supón un recorte da planta xudicial penal da cidade, xa que Vigo pasaría de contar con oito xulgados de instrución a só sete, o que supón deixar a cidade nunha situación límite a curto prazo.

Trátase dunha medida que non se corresponde coa realidade da carga de traballo dos órganos xudiciais de Vigo, nin cos datos obxectivos do Consello Xeral do Poder Xudicial. Os propios informes indican que os xulgados de instrución de Vigo atenden actualmente o 98,2% do obxectivo máximo establecido polo Ministerio de Xustiza, e que ese limiar podería superarse nun ou dous anos.

Cómpre recoñecer a importancia de crear un xulgado especializado en violencia de xénero e, ao mesmo tempo, rexeitar que se faga en detrimento da capacidade ordinaria da xustiza penal na nosa cidade, que xa sofre atrasos e saturación.



A resposta non pode ser substituír un órgano por outro, senón reforzar a estrutura xudicial de Vigo, ampliando recursos e competencias. Así o entende, á vista das reaccións que se veñen sucedendo nas últimas datas, a comunidade xudicial. O Colexio da Avogacía de Vigo, o Colexio de Procuradores de Vigo e a Xunta de Persoal Xudicial veñen de amosar a súa oposición á medida tomada polo Goberno de España. Incluso o maxistrado afectado confesou sentirse “desolado” e “abandonado”.

Por todo o exposto, o pleno da corporación municipal de Vigo amosa o seu rexeitamento á decisión do Goberno de España de suprimir o Xulgado de Instrución número 8 de Vigo e insta a que esta medida sexa reconsiderada de inmediato. Do mesmo xeito, reclama a creación do novo Xulgado de Violencia sobre a Muller sen que isto implique a perda dun xulgado de instrución, mantendo así os oito actuais.

Vigo, a 06 Xuño de 2025

A handwritten signature in blue ink, consisting of a series of loops and a long horizontal stroke extending to the right.

José Miguel Martín Peña

SR. ALCALDE-PRESIDENTE, D. Abel Caballero Álvarez  
CONCELLO DE VIGO